

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE QUINTE, NO CONCELLO DO CORGO

Promotor: Concello do Corgo
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Expediente: 2021AAE2639

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello do Corgo aprobouse definitivamente o 19.05.2015. O núcleo rural de Quinte está incluído no PXOM.
2. O 23.12.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello do Corgo no que se solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual do PXOM para a delimitación do núcleo rural de Quinte da parroquia de Santalla". Achegaba en soporte dixital o borrador e o documento ambiental estratéxico.
3. O 10.01.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos no portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. As modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación de solo de núcleo rural tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 da LSG.
3. O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico tras consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).





CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS


1. Características da modificación puntual do plan xeral

Ámbito de actuación: recinto de solo rústico de protección agropecuaria situado ao norte do núcleo rural de Quinte, na parroquia de Santalla. Ten unha superficie aproximada de 12.815 m² e na actualidade existen dentro del tres edificacións non tradicionais.

Proposta: ampliar o núcleo rural de Quinte clasificando como solo de núcleo rural común o ámbito illado delimitado ao norte. Así, a delimitación do núcleo conformaría un núcleo polinuclear, "incluíndo as tres vivendas referidas e a posibilidade de construír algunha máis."

O borrador non inclúe as ordenanzas reguladoras, nin prevé espazos destinados a usos dotacionais a maiores do xa existente (Igrexa parroquial), nin cataloga elementos do patrimonio cultural.

Alternativas: o promotor considera que non hai outra alternativa razoable e viable que a que se propón, a ampliación do núcleo delimitado.



Ámbito de actuación

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito territorial obxecto do plan emprázase no extremo suroeste do municipio do Corgo, na parroquia de Santalla, dentro da comarca paisaxística de Lugo e moi próximo ao río Miño (fóra da zona de policía). Trátase dunha zona con marcado carácter rural.

O núcleo rural de Quinte sitúase nunha ladeira que verte ao río, orientada cara o oeste e con pendentes moderadas. A menos dun quilometro cara o sur atópase o límite da área de especial interese paisaxístico Río Neira-A Fervenza (AEIP-03-12).

O núcleo na actualidade está composto por dúas agrupacións de vivendas claramente diferenciadas: no leste un conxunto compacto de vivendas maioritariamente de carácter tradicional organizadas en torno aos camiños veciñais e acompañadas por algunhas





naves agrícolas, mentres que no oeste sitúanse varias vivendas dispersas ao pé da estrada local. Rodean o núcleo parcelas agrarias mesturadas con pequenas masas de frondosas.

O núcleo de Quinte conta cun ben do patrimonio cultural catalogado no PXOM, a Igrexa parroquial en Quinte (ficha 2.2.37 do Catálogo do PXOM), que ten un nivel de protección integral e un contorno de protección gráfico. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informou de que existen tamén no núcleo vivendas tradicionais e elementos etnolóxicos de interese (muros tradicionais, hórreos, fontes, lavadoiros, cruceiros, palleiras, etc.).

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	

Asemade, o borrador mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do planeamento as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Existindo zonas sen edificar no núcleo actual, non parece xustificada que na súa ampliación se inclúa unha zona vacante de edificación, polo que cumpriría eliminala.

A documentación do proxecto de delimitación deberá adecuarse aos contidos reflectidos no artigo 190 do RLSG, entre outros, planos de información sobre os servizos urbanos, así como información referente a edificacións catalogadas e dotacións existentes.

No plano de ordenación do núcleo rural defínese o trazado da rede viaria pública e a sinalización de aliñacións, pero estes non coinciden cos do PXOM; e na nova bolsa non se define o largo da aliñación do viario situado ao oeste. Doutra banda, no plano catastral figuran dous camiños que non parecen existir na realidade, e no plano de ordenación figura soamente un deles.

As superficies reflectidas no borrador con respecto ás partes común e tradicional do núcleo non son correctas.

A xustificación da consolidación do núcleo rural común, esixida polo artigo 23.3.a) e b) da LSG, deberá realizarse tendo en conta a nova superficie (15.511 m²) e non se poderá considerar edificada a parcela a 27014A145003000000JQ aos efectos do cálculo da consolidación.

A documentación debe adaptarse de xeito completo á Orde de 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia.





Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

Xirada visita ao núcleo, constata a existencia de vivendas tradicionais que conservan a súa tipoloxía e características construtivas, compositivas e formais e elementos etnolóxicos característicos, como muros tradicionais, hórreos, fontes, lavadoiros, cruceiros, paleiras, etc, dos que achega algún exemplo (non a totalidade dos existentes) no anexo do informe. Deberase avaliar a procedencia da súa catalogación.

Polo tanto, en cumprimento da determinación excluínte 9.3 das DOT, deberase realizar o correspondente traballo de campo previo para identificar todos os bens do patrimonio cultural existentes no ámbito da actuación. Deberase elaborar un Catálogo cos bens identificados, así como delimitar os bens e o seu contorno de protección e representalos correctamente nos planos de ordenación. Canto á delimitación do contorno de protección dos bens catalogados, estarase ao disposto no art. 12.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).

Garantírase, mediante a normativa e a nova ordenación, a salvagarda dos valores culturais dos bens do patrimonio cultural, a súa integración coas previsións establecidas nas súas delimitacións e contornos de protección, así como a súa función no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, e o respecto á toponimia oficialmente aprobada.

A normativa deberá incluír que os bens incluídos no Catálogo, con independencia da ordenación que lles afecte, non quedarán en ningún caso suxeitos ao réxime de fôra de ordenación, sen prexuízo de que os engadidos que presenten e que os desvirtúen queden fora de ordenación. A normativa urbanística recollerá o réxime de autorizacións da Consellería competente en materia de patrimonio cultural nos ámbitos protexidos segundo está establecido na LPCG. Recollerá tamén expresamente as determinacións establecidas no artigo 26 da LSG, en especial o relativo á prohibición do derrubo de muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras. Manteranse as aliñacións existentes no núcleo tradicional, que son caracterizadoras da tipoloxía do núcleo e dos seus valores.

O grafismo empregado no plano de ordenación 03 do Borrador para delimitar o contorno de protección da Igrexa parroquial en Quinte non se diferencia demasiado do empregado para identificar a delimitación do núcleo.

Instituto de Estudos do Territorio:

A ampliación proposta para o núcleo de Quinte recolle con certa amplitude tres edificacións non tradicionais, de tal modo que implica a posibilidade de novas edificacións nunha zona cun carácter paisaxístico netamente rural que o PXOM aprobado en 2015 clasifica como solo rústico. Estas parcelas atópanse desvinculadas da estrutura do núcleo orixinal, provocando a súa fragmentación e dispersión e incrementando a ocupación do solo. Conclúe que a proposta pode producir efectos paisaxísticos significativos.

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008 (RLPPG) a modificación deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe¹ DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

1 Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro)





Deberá terse en conta o sinalado nos apartados a), b) e c) da directriz de paisaxe DX.09, con base nas cales debe valorarse a alternativa de non delimitar o novo ámbito de solo de núcleo rural.

Lembra que esta modificación, de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 e o artigo 41.1 do RLPPG, tras a súa aprobación inicial deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013 de avaliación ambiental

Coa modificación puntual do planeamento xeral preténdese ampliar o núcleo rural de Quinte para acoller un recinto illado de solo rústico de protección agropecuaria no que existen actualmente tres edificacións non tradicionais.

A modificación proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar obras e implantar os usos que se autorizan. Tampouco inflúe noutros plans ou programas.

O ámbito delimitado como ampliación do núcleo é reducido (1,3 ha) e está xa parcialmente edificado, pero permitiría implantar novas edificacións nun solo que o PXOM clasifica como rústico cando existen aínda zonas sen edificar no núcleo actual. Ademais, o ámbito da ampliación ten un carácter illado e está desvinculado da estrutura orixinal do núcleo. Así, a proposta favorece a expansión do núcleo sobre terreos en estado natural e a súa fragmentación, co cal pode dar lugar a efectos negativos no que se refire á ocupación do solo, aínda que estes efectos non serán significativos tendo en conta a dimensión da ampliación.

O borrador non contén información relativa ao patrimonio cultural nin formula propostas ao respecto, so inclúe no sistema de dotacións como existente o ámbito no que se atopa a igrexa. Porén, existen no núcleo outros bens do patrimonio cultural que cómpre identificar, para avaliar a procedencia da súa catalogación e establecer as medidas necesarias para a salvagarda dos seus valores culturais.

Non existen no ámbito de actuación espazos ou elementos con especiais valores naturais, polo que neste aspecto non se agardan efectos significativos.

En conclusión, a proposta presentada no borrador pode xerar efectos ambientais adversos con respecto á ocupación do solo e ao patrimonio cultural. Se ben estes efectos non serán significativos, si cómpre establecer determinacións para favorecer a integración ambiental do plan, que son as que se concretan no seguinte apartado.





PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a “Modificación puntual do PXOM para a delimitación do núcleo rural de Quinte da parroquia de Santalla”, pero establécense as seguintes **determinacións**:

- Considerando o disposto na determinación 3.1.5.d) das Directrices de ordenación do territorio (DOT) así como nos apartados a), b) e c) da directriz de paisaxe DX.09, valorarase a alternativa de non delimitar o novo ámbito de solo de núcleo rural. No caso de manter a proposta de ampliar o núcleo, tal e como suxire a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, excluírase da área de ampliación a zona vacante de edificación, a menos que se xustifique suficientemente o contrario.
- Deberase realizar un traballo de campo para identificar todos os bens do patrimonio cultural existentes no núcleo rural (determinación 9.3 das DOT). Elaborarase un Catálogo cos bens identificados, delimitaranse os bens mais o seu contorno de protección e representaranse correctamente nos planos de ordenación. Canto á delimitación do contorno de protección dos bens catalogados, estarase ao disposto no art. 12.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Garantírase, mediante a normativa e a nova ordenación, a salvagarda dos valores culturais dos bens do patrimonio cultural, a súa integración coas previsións establecidas nas súas delimitacións e contornos de protección, así como a súa función no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, e o respecto á toponimia oficialmente aprobada. Ao respecto atenderase ás indicacións expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe.

- Segundo o artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia, deberase realizar un estudo da paisaxe, que será proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03) e terá o contido que regula o artigo citado.
- Atenderase ás indicacións e observacións expostas pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no seu informe. Entre outras, a documentación deberase adaptar de xeito completo ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a “Modificación puntual do PXOM para a delimitación do núcleo rural de Quinte da parroquia de Santalla”, no concello do Corgo, xa que se prevén efectos ambientais adversos significativos. Non obstante, para favorecer a integración das consideracións ambientais no plan atenderase ás determinacións que se indican na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao Concello do Corgo xunto con copia dos escritos recibidos no período de consultas previas.

Conforme co disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o instrumento de planeamento no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do planeamento (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

